Sobre o impulso do proxecto de prolongación da AG-31 ata a fronteira portuguesa e as actuacións realizadas e as previstas pola Xunta de Galicia orientadas a este obxectivo

- 9685 - 5610 (12/PRE-002219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a cobertura das prazas vacantes nos servizos de pediatría de Camariñas e Zas, a substitución da titular desta especialidade en Vimianzo e a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do recurso a outros especialistas para resolver estas necesidades

- 9574 - 5615 (12/PRE-002220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a modificación do formato da documentación do proxecto da liña de alta tensión Chao do Marco-Belesar-Soilán, nos concellos de Becerreá, Baralla, Láncara, Sarria, Paradela, O Saviñao e Chantada, o prazo para efectuala e a posibilidade dunha nova fase de exposición pública

- 9683 - 5621 (12/PRE-002222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o prazo previsto para dotar con carácter definitivo as prazas de xinecoloxía dos dous centros de orientación familiar da Coruña

- 9625 - 5666 (12/PRE-002225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o prazo en que a Xunta de Galicia pensa cubrir a dirección vacante da Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica (FUNGA)

- 9623 - 5748 (12/PRE-002233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis



Sobre o financiamento das escolas infantís municipais dos concellos da Costa da Morte non incorporadas aínda á rede pública autonómica, a previsión dunha oferta adecuada de prazas nas de Muxía e Zas e a eventual creación dunha escola en Dumbría

- 9681 - 5753 (12/PRE-002234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cobertura da atención pediátrica no Centro de Saúde de Fornelos de Montes e as medidas que prevé a Xunta de Galicia para mellorar a súa axilidade na prestación da asistencia médica en xeral

- 9677 - 5801 (12/PRE-002241)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as actuacións que prevé impulsar a Consellería de Sanidade co fin de reducir as listas de espera en consultas e probas diagnósticas na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

- 9676 - 5869 (12/PRE-002253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura das prazas de profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Doiras e a permanencia deste centro do concello de Cervantes

- 9675 - 5879 (12/PRE-002254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a planificación da sanidade primaria pública para garantir un adecuado nivel de atención en época estival

- 9770 - 5935 (12/PRE-002264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os resultados acadados nestes dous últimos anos coa inclusión de pacientes psiquiátricos nas residencias de maiores e as características do novo modelo que quere pór en marcha a Xunta de Galicia

- 9843 - 6036 (12/PRE-002281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no referido ás axudas no ámbito do marisqueo en situacións de paradas por motivos alleos aos mariscadores e ás mariscadoras e as accións que vai poñer en marcha no caso da ría do Burgo tras das obras de dragaxe

- 9673 - 6040 (12/PRE-002282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis



Sobre o eventual peche do consultorio de Castro de Rei durante o verán, a cobertura das súas prazas de profesionais e as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación con este centro

- 9671 - 6153 (12/PRE-002293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a situación do hospital de día oncolóxico do complexo hospitalario Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e as previsións que ten o Goberno galego respecto dunha posible mellora en recursos humanos e instalacións

- 9839 - 6199 (12/PRE-002297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a aparición da alga asiática no litoral galego e as accións a desenvolver pola Xunta de Galicia para diminuír o seu impacto no sector pesqueiro e nos municipios turísticos

- 9837 - 6349 (12/PRE-002309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 4 máis

Sobre o criterio que o Goberno galego ten con relación á inclusión do peixe e do marisco como produtos de primeira necesidade, coa conseguinte redución do seu IVE e, por tanto, coas vantaxes que isto supón para o sector pesqueiro e para a cidadanía

- 9669 - 6457 (12/PRE-002315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a dotación sanitaria, en recursos humanos e técnicos, do Centro de Saúde de Arcade, en Soutomaior, así como sobre as previsións respecto do financiamento do novo centro de saúde deste concello

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1.^a





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2268**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a valoración do exercicio que fai a Xunta de Galicia das súas competencias exclusivas en materia de marisqueo ante a situación actual do sector e a política que prevé poñer en marcha a curto e a longo prazo para a súa mellora"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de mayo de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2271, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NWEyZjI2NjQtZTJmMi00OGMwLWIyOTgtNzA2Yjk4MmY0OWMw&start=5871](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjI2NjQtZTJmMi00OGMwLWIyOTgtNzA2Yjk4MmY0OWMw&start=5871)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 12:00:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 12:00:54
Nº Rexistro: 9882
Data envío: 27/08/2024 12:00:54.344

CSV: B6PISJTB93/07009X1E14-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2375**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"o modelo de explotación do mosteiro de San Clodio de Leiro como activo turístico e cultural e as previsións que ten a Xunta de Galicia sobre a súa continuidade ante o remate do período de concesión"**, (publicada no BOPG número 21, fascículo 2, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se puxo de manifesto na intervención do director da Axencia de Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy, con motivo do debate da pregunta 2383 que tivo lugar na sesión do 13 de xuño de 2024 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, estase en contacto coa empresa concesionaria do Hotel Monumento Mosteiro de San Clodio e co Concello de Leiro coa finalidade de garantir a mellor prestación do servizo posible en consonancia co estipulando nos pregos da concesión.

O arquivo audiovisual pódese consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTIxMmRlNWUtMmE1Zi00MzFjLWlzMzQzMWM0ODcyMmU4MDUz&start=93>

Así mesmo, sinalar que, en atención ás solicitudes de datos 2349 e 2350, tanto o convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galiza, o Bispado de Ourense, a Comunidade Benedictina de Samos e o Concello de Leiro sobre a cesión de uso do Mosteiro de San Clodio, como a documentación sobre a devandita concesión, ten sido posta a disposición do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para a súa consulta nas dependencias da Axencia de Turismo de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:18:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:18:21
Nº Rexistro: 9766
Data envío: 26/08/2024 11:18:21.058

CSV: B6P5T8B9PQZ7YR&11EM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2434**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dona Mercedes Queixas Zas e Dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a situación en que están as obras de restauración do Parque do Pasatempo de Betanzos, os prazos de execución e o plan que vai desenvolver o Goberno galego co investimento anunciado na memoria dos orzamentos para 2024"**, (publicada no BOPG número 21, fascículo 2, do 3 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A rehabilitación do Parque do Pasatempo de Betanzos é un dos compromisos da Xunta de Galicia, como así o demostran os feitos. Ademais de impulsar a redacción do plan director do Parque, para sentar as bases das actuacións necesarias co obxecto de garantir a conservación e posta en valor deste Ben de Interese Cultural (BIC), a Administración autonómica ten incluído a súa restauración como parte do Plan Xacobeo Next Generation.

Este plan, deseñado pola Xunta de Galicia con fondos europeos asignados á Comunidade galega a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea está a contribuir á mellora de 12 BICs de titularidade pública vencellados co Camiño de Santiago, entre os que se atopa o Parque do Pasatempo cun investimento global de 1,5 millóns de euros.

A Axencia Turismo de Galicia -de quen dependen a segunda e a terceira fase das obras - está a garantir desde o primeiro momento a correcta execución dos prazos para que o proxecto poda levarse a cabo. Deste xeito, infórmase que o pasado 5 de xullo se adxudicaron estas actuacións estruturadas en dous lotes.

No primeiro dos lotes realizarase a restauración da parte norte da primeira terraza, centrándose no chamado Estanque da Gruta, a Gruta da Recoleta para salvagardar a súa unidade estilística. Tamén se recuperarán elementos escultóricos e arquitectónicos moi notables, que presentan nalgúns casos un estado semirruinoso, e se actuará na Fonte das Catro Estacións.

No segundo lote, as actuacións inclúen a restauración do circuito hidráulico e o tratamento dos bordes do estanque do Retiro. O proxecto comprende incorporar as varandas de ferro fundido como unha parte do sistema hidráulico que permita, con posterioridade e cando todo este sistema do parque estea en marcha, que estas pilastras poidan funcionar como fontes.

Por último, sinalar que Turismo de Galicia tamén está a colaborar co Concello de Betanzos, coa redacción do proxecto da cuarta e última fase, para asegurar así que o proxecto de rehabilitación se realice canto antes".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B6P5T8D3Q4N7Z1R30E710-6
Verificación: CVE-PPREPAR: 275e4400-da63-e2f9-1f24-56689ab49528
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:17:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:17:56
Nº Rexistro: 9762
Data envío: 26/08/2024 11:17:56.246

CSV: BGRISIRBQJQWZJRPX0E7N0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Neste contexto, continuarase favorecendo a promoción, comercialización, desestacionalización e internacionalización de Galicia como destino turístico; e apostarase pola segmentación de produtos turísticos (cultural, natureza, MICE, urbano...), impulsando sistemas adecuados de comercialización.

Xunto a isto, contribuírase a fortalecer a competitividade e rendibilidade do sector (con estratexias de modelo de negocio turístico, creación de valor mediante aposta pola calidade e renovación de infraestruturas empresariais).

Promoverase tamén a mobilidade, a conectividade turística e o reequilibrio territorial e impulsarase, aínda máis intensamente, un modelo de gobernanza do destino que teña especialmente en conta a sustentabilidade integral do territorio e o coidado dos nosos recursos paisaxísticos e espazos protexidos, a redución da pegada de carbono, a relación entre turistas e residentes ou o turismo accesible.

Como resumo dicir que a Xunta de Galicia leva anos a prol dun modelo turístico sostible que deseña en cada un dos plans que pon en marcha, co resultado mais que avalado de que o turismo galego é cada vez mais desestacionalizado e desconcentrado, e así o confirman os datos do ano 2023 no que Galicia foi quen de reducir a estacionalidade incrementando na tempada media un 5,8% e un 12,6% na tempada baixa.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:17:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:17:39
Nº Rexistro: 9760
Data envío: 26/08/2024 11:17:39.434

CSV: B6P5T8B93B7W0x0d2M+6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2593**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a situación da actividade no porto da Pobra do Caramiñal, o traballo para reforzala que a Xunta de Galicia debe facer coas empresas consignatarias que operan nel e as previsións respecto dunha mellora das súas instalacións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia ven traballando no estudio da posible remodelación do acceso ao peirao comercial da Pobra e ampliación do atraque, no que se investiron ata o momento 87.000 euros (incluídos no servizo de redacción de proxectos para instalacións portuarias en 50 portos).

Ademais, en paralelo executáronse outras actuacións de mellora das instalacións:

Mellora de atraques en pantalán: 1 millón de euros.

Mellora de firmes e pavimentos dos peiraos: 61.000 euros.

Instalación do control PBIP: 200.000 euros.

Portos ten comprometidos 224.000 euros para a renovación das luminarias e substitución por tecnoloxía LED con control telemático e 55.000 euros para mellora de pavimentos ao longo do presente exercicio no porto da Pobra. Estas actuacións repercutirán positivamente na situación do porto, contribuíndo á súa mellor competitividade, na permanente consecución de melloras nos portos autonómicos, un dos principais obxectivos de este ente público.

Portos mantén contacto directo co sector ademais de cos representantes locais. Recentemente mantívose unha reunión co Concello da Pobra o 4 de xullo de 2024 na que se abordaron temas de interese dos consignatarios; e o 22 de decembro de 2023 coa asociación de empresarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2024 13:02:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2024 13:02:46
Nº Rexistro: 9982
Data envío: 28/08/2024 13:02:46,712

CSV: B6P5TRB6G6B7ZyPpM5M+6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2597**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalistas Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación en que se encontra a frota galega afectada polas vedas impostas pola Comisión Europea á pesca de fondo e as actuacións que puxo ou pensa poñer en marcha o Goberno galego, á vista dos estudos científicos coñecidos, para excluír o palangre desta prohibición"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 4 de xullo de 2024, o conselleiro do Mar acudiu acompañado con representantes do sector, á vista oral do procedemento relativo ao recurso presentado pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela en conxunto con 16 compañías afectadas contra o veto da Comisión Europea á pesca de fondo en 87 zonas de augas comunitarias ante o Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE), en Luxemburgo. Deste xeito, quixo mostrar o apoio do Goberno galego que participa en calidade de coadxuvante da parte demandante polo impacto negativo desta decisión que afecta directamente a 200 embarcacións e indirectamente a outras 946 de artes menores.

O titular de Mar destacou o compromiso da Xunta na defensa da xente do mar ante as institucións comunitarias fronte unha decisión inxusta e discriminatoria tomada por un comisario de Pesca pertencente ao grupo dos Verdes que, ademais, carece de fundamentos técnicos e científicos. Nesta liña subliñou que esta medida se debe a unha estratexia excesivamente medioambientalista que non atende a outros factores relevantes como o social ou o económico e recordou o peso do sector pesqueiro na economía galega cun valor engadido bruto (VAB) 25 veces superior ao de a UE e 6 veces superior ao do conxunto do Estado español. Tanto é así que se trata da principal actividade económica nun terzo dos concellos galegos.

O Goberno galego rebatiu ante o tribunal comunitario os puntos de incidencia técnica e científica alegados pola Comisión e o Parlamento Europeo demostrando que o palangre demersal destinado á captura de pescada como especie obxectivo non reúne as condicións sinaladas no Regulamento base, á vez que esta modalidade de palangre non figura na clasificación establecida sobre protección dos ecosistemas mariños vulnerables (EMV) de alta mar fronte aos efectos adversos da utilización de artes de fondo.

Nesta liña, a tese galega vén sendo apoiada por outros organismos científicos como o Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES), entidade que asesora á Comisión, e que indicou que esta medida non ten base científica. Tamén un recente informe do Parlamento Europeo que indica que o veto á pesca de fondo nas 87 zonas de augas comunitarias non está fundamentada e non atende ás particularidades das diferentes artes como o palangre ou a volanta.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Alfonso Villares puxo en valor a sustentabilidade da actividade pesqueira da flota da comunidade e reiterou a necesidade de que neste novo mandato a Comisión conte cun comisario específico de Pesca que responda dun xeito equilibrado e eficaz as necesidades do sector, no que Galicia ten un destacado liderado a nivel europeo, e que á vez permita garantir a necesaria soberanía alimentaria de todo o continente. O responsable autonómico agarda que a xustiza europea atenda á argumentación presentada polo sector e o Goberno galego e permita dar marcha atrás ao veto da pesca de fondo nas 87 áreas do Atlántico nororiental."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 12:00:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 12:00:30
Nº Rexistro: 9878
Data envío: 27/08/2024 12:00:30.860

CSV: B6P5T8B9GJG4M4K4EM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2610**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres , e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a crise do sector marisqueiro na ría de Pontevedra e os estudos, as axudas previstas pola Xunta de Galicia e outras medidas para facer fronte á situación "**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de mayo de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2271, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjI2NjQtZTJmMi00OGMwLWIyOTgtNzAzYjk4MmY0OWMw&start=5871>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 12:00:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 12:00:11
Nº Rexistro: 9875
Data envío: 27/08/2024 12:00:11.001

CSV: BGRISJTB93KQ8YJX4H7V1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2701**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Iago Suárez Fernández, sobre **"a xestión realizada polo Goberno galego do Programa do bono alugueiro mocidade, a repartición das achegas entre o Estado e a Xunta de Galicia e as medidas complementarias que prevé engadir a Administración autonómica para melloorar a taxa de emancipación da xente nova"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Bono alugueiro mocidade é unha axuda que creou o Goberno de España ás costas das comunidades autónomas, que indicaron os moitos problemas que se ían derivar das bases elaboradas polo ministerio, sen que finalmente se modificaran. Malia estes problemas, Galicia foi a terceira comunidade en convocalas e menos de tres meses despois do remate do prazo de presentación das solicitudes estaban todas concedidas (4.199) e o orzamento da convocatoria esgotado.

Pero a experiencia na xestión deste tipo de axudas indicaba que se ían producir renuncias e incumprimentos da obriga de acreditar o pago do alugueiro por parte dos beneficiarios, o que suporía liberar fondos que permitirían a concesión de novas axudas. Por ese motivo non se pechou a convocatoria a mediados de xaneiro co esgotamento do crédito.

E resultou como estaba previsto, de maneira que cos fondos das renuncias se puideron conceder 1.153 axudas máis ao longo de 2023, evitando que os fondos cos que foron financiadas se perderan de ter pechado a convocatoria en xaneiro de 2023 co esgotamento do crédito. O IGVS fixo unha eficaz xestión das axudas garantindo a execución dos fondos existentes.

Tal como se indica na resolución de convocatoria destas axudas, publicada no Diario Oficial de Galicia, o importe da convocatoria era de 22,8 millóns de euros, concedéndose axudas por importe de preto de 21,3 millóns de euros.

O Bono é unha axuda de carácter estatal e, polo tanto, financiada polo Estado. O Goberno anunciou que transferirá novos fondos ás comunidades autónomas, pero de momento non o fixo. A Xunta realizará unha nova convocatoria, se recibe eses fondos, cando sexan transferidos á comunidade autónoma.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En canto ás medidas e taxas de emancipación da mocidade galega, cómpre lembrar que a comunidade autónoma de Galicia ten unha taxas de emancipación residencial moi semellantes a media do Estado (Galicia 15,3, Media España 16,3)

Entre 2021 e 2023 a Xunta concedeu axudas para o acceso á vivenda por importe global de preto de 55 millóns de euros, boa parte das cales estaban dirixidas exclusivamente aos menores de 36 anos que, ademais, podían beneficiarse das axudas que teñen como destinatarios aos cidadáns en xeral, sen límite de idade. De feito, parte dos beneficiarios desas axudas de carácter xeral son mozos.

Nos últimos tres anos destinamos preto de 22 millóns de euros a axudas ao alugueiro para menores de 36 anos. Esta contía supón preto do 48 por cento do total dos fondos destinados a axudas para o pago do alugueiro.

Por outra parte, no mesmo período concedemos axudas por preto de 8,5 millóns de euros a axudas para adquisición de vivendas das que mais do 60 % do total foi destinado exclusivamente a menores de 36 anos, que tamén se beneficiaron dos resto de axudas, que non teñen límite de idade, co incremento do importe concedido no caso de mozos.

Grazas a estas axudas, no período 2021-2023 adquiríronse preto de 1.000 vivendas, das que preto de 700 corresponden a menores de 36 anos. Mocidade que conta, desde 2023, cunha axuda adicional consistente o aval público de ata o 20% do custe da vivenda, ademais de bonificacións fiscais para a adquisición de vivenda por menores de 36 anos tanto no imposto de Transmisións Patrimoniais Onerosas (do 8% ao 3%) como no de Actos Xurídicos Documentados (do 1,5 % ao 0,5%), sen esquecer que unha parte do parte do parque publico de vivendas de nova creación estará destinado ao acceso a mozos menores de 36 anos e de xeito especial nas vivendas que se están a rehabilitar nos conxuntos históricos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/08/2024 10:46:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2024 10:46:03
Nº Rexistro: 9590
Data envío: 23/08/2024 10:46:03,326

CSV: BGRISIRBQUGI7yHXTEM+6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2891**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres sobre "**o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia fai un gran esforzo investidor por promover novas vivendas protexidas. Desde 2009 lévase traballando para a adquisición de terreos, traballos técnicos e obras de urbanización de solo residencial destinado a vivendas protexidas na Coruña, Lugo, Ferrol, Vigo e Pontevedra.

Desde o 2009 a Xunta apoiou a máis de 163.000 familias galegas para acceder ou rehabilitar a súa vivenda habitual cun investimento total de máis de 830M€. No que atinxe ao parque público de vivenda, desde ese mesmo ano cualificáronse definitivamente 7.651 vivendas protexidas; incorporáronse preto de 5.000 novas vivendas protexidas e puxéronse en marcha 7 Áreas Rexurbe que están a permitir recuperar inmobles, entre outras actuacións, en Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos

No marco do programa Rexurbe, ademais, lévanse adquirido 94 inmobles en 11 municipios que permitirán rehabilitar e poñer a disposición máis de 160

Actualmente temos cumpridas ou en execución un 93% das medidas incluídas no Pacto pola Vivenda 2021-2025, a folla de ruta que recolle as políticas en materia de vivenda postas en marcha pola Xunta.

A través deste Pacto, no período de 2021-2023 concedéronse máis de 286M€ en axudas ao acceso a vivenda e a rehabilitación, con preto de 50.000 persoas/familias beneficiadas; adxudicáronse máis de 500 vivendas públicas, a meirande parte delas en alugueiro; cualificáronse máis de 400 vivendas protexidas e visáronse máis de 1.200 contratos de vivenda protexida en alugueiro. Ademais, máis de 300 concellos obtiveron algún tipo de axuda en materia de vivenda neste período.

Non obstante, a Xunta está a traballar nunha Estratexia de Reforzo para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida coa posta en marcha dun plan máis ambicioso que inclúe dúas liñas de acción:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





1. Reforzo da estratexia galega para o desenvolvemento de vivenda protexida co obxectivo de duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura ata chegar ás 8.000 vivendas.
2. Posta en marcha da Estratexia Galega de Solo Residencial, que permitirá facilitar solo para construír 25.000 novas vivendas, 20.000 delas protexidas e 5.000 libres.

A estas dúas opcións de incremento da vivenda temos que sumar as que impulsen os propios concellos que poden participar nesta estratexia, aportando financiamento e obtendo solo urbanizado en pago.

Neste ámbito sinalar tamén que se está facendo un importante traballo de desburocratización e axilización administrativa no ámbito do urbanismo, sempre garantindo a seguridade xurídica de todas as actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/08/2024 10:45:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2024 10:45:57
Nº Rexistro: 9589
Data envío: 23/08/2024 10:45:57,358

CSV: B6P5T8B930aYpWp1eM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2979**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o desenvolvemento do acordo do Parlamento de Galicia relativo á loita contra a contaminación mariña por residuos e a suficiencia das políticas que se están a despregar ante este problema"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 11 de xuño de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2978, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2QxOTJjZjMtYTQwOC00ZWVmLTgyNmEtNGI5Y2EzMDFmZTQ5&start=13101>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o desenvolvemento do acordo do Parlamento de Galicia relativo á loita contra a contaminación mariña por residuos e a suficiencia das políticas que se están a despregar ante este problema".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:59:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:59:49
Nº Rexistro: 9872
Data envío: 27/08/2024 11:59:49,298

CSV: B6P5TRBQD6Z7B9PQCEM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2987**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o financiamento local executado pola Xunta de Galicia nos exercicios orzamentarios de 2023 e da parte que transcorreu de 2024, así como sobre a vía de recepción, ben mediante o Fondo de Cooperación Local, ben mediante subvencións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 24 de maio o Director Xeral de Orzamentos e Financiación Autonómica, Arturo López Iglesias, dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á pregunta oral en comisión con Nº de rexistro 2988 do Grupo Parlamentario Socialista na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Adxuntamos o link da sesión:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTY5YmI5NDYtOWQxYS00NDcyLTlhNmEtMmE4MmZmZDU4ZjQw&start=1306> ."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:58:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:58:14
Nº Rexistro: 9870
Data envío: 27/08/2024 11:58:14.081

CSV: B6P5TRB9GJ0Z8jRyX45M+6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3020**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co destino dos terreos actualmente ocupados por unha estación de servizo e un complexo hostaleiro no porto de Pontedeume logo do remate das respectivas concesións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A concesión do hotel Eumesa atópase xa caducada e o concesionario ten obriga de demoler as instalacións tal como se recollía nas condicións da concesión administrativa que regulou a súa explotación. Está pendente a reversión dos terreos a Portos de Galicia dado que o trámite quedou paralizado ao presentar o concesionario un recurso contencioso administrativo, que está pendente de resolución polo Xulgado.

Unha vez demolida a instalación e revertidos os terreos Portos de Galicia establecerá o novo uso dos terreos a través da fórmula de planificación que se considere máis axeitada segundo os usos que se contemplan no seu momento.

Polo que respecta á estación de servizo, a concesión está vixente ata 2027."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:58:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:58:08
Nº Rexistro: 9869
Data envío: 27/08/2024 11:58:08,409

CSV: B6P5T8B9G6QZfjAX1EM+6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3146**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura da Xunta ante o acordo do Goberno central polo que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas no período 2024-2026 e as posibles consecuencias na senda de estabilidade dos orzamentos autonómicos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 24 de maio a Interventora Xeral da CCAA, Almudena Chacón Pichel, dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á pregunta oral en comisión con Nº de rexistro 3147 do Grupo Parlamentario Socialista na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Adxuntamos o link da sesión:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTY5YmI5NDYtOWQxYS00NDcyLTlhNmEtMmE4MmZmZDU4ZjQw&start=3188> ."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:57:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:57:43
Nº Rexistro: 9865
Data envío: 27/08/2024 11:57:43,159

CSV: BGRISIRBQZCZQYPMEL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3218**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as consideracións e valoracións que fai a Xunta de Galicia das peticións recibidas verbo dos cambios normativos para modificar os horarios de descanso e a umentar a seguridade dos mariñeiros dedicados á arte do trasmallo en augas de competencia autonómica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta do 29 de xullo de 2024, deu conta do informe da Consellería do Mar sobre a revisión, racionalización e actualización normativa en materia de pesca marítima profesional para a elaboración dunha disposición de carácter xeral con rango de Decreto que implique a regulación do exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación da flota pesqueira en augas de competencia da Comunidade Autónoma.

O informe realiza un estudo previo para xustificar a necesidade dunha ampla revisión conducente a simplificar, racionalizar e actualizar a normativa en materia de pesca coa finalidade de establecer as bases para a elaboración dunha nova disposición de carácter xeral con natureza integradora e sistematizadora na regulación da pesca galega, á vez que cumpra cos principios e criterios de boa regulación que reinan na actualidade na nosa lexislación autonómica: simplificación, racionalización, proporcionalidade, necesidade, seguridade xurídica, transparencia, eficacia e eficiencia.

A normativa vixente require dunha actualización como consecuencia do novo marco legal comunitario e nacional en materia de pesca, debéndose abordar unha profunda reforma de toda a normativa para obter unha visión integradora que conduza a un mellor desenvolvemento da Lei de pesca de Galicia.

Deste xeito, os fins que se pretende acadar son os seguintes: simplificar e racionalizar nunha soa disposición normativa de carácter xeral con rango de decreto o conxunto de normas existentes en materia de pesca marítima profesional, que alcanza a un total de 6 decretos e 9 ordes; evitar as rixideces e atrancos producidos polas normas encargadas da xestión da actividade pesqueira, cerando un marco regulador eficaz e eficiente para os operadores ao redor da pesca galega; achegar respostas reguladoras adecuadas ás demandas e necesidades do sector; favorecer o crecemento ordenado e sostible respecto da renovación e modernización das estruturas produtivas; impulsar á flota pesqueira artesanal mediante a adopción de medidas que permitan a evolución deste subsector tan importante para as poboacións costeiras; ordenar a actividade e a regulación pesqueira galega considerando a lexislación comunitaria e nacional.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Medidas concretas

Delimitado o contexto regulador, en relación á conservación e xestión dos recursos pesqueiros, a nova norma persegue a regulación de medidas dirixidas á conservación, xestión e explotación responsable, racional e sostible dos recursos mariños vivos; a adopción de medidas tendentes a promover o exercicio dunha actividade pesqueira respectuosa co medio ambiente e a protección dos recursos pesqueiros; o fomento de melloras no acceso e explotación dos recursos mariños vivos; a determinación das artes, aparellos e utensilios permitidos para o exercicio da pesca; a adopción de Plans de xestión que regulen medidas técnicas, horarios e réxime de calamento das artes de pesca ou de recuperación de carácter plurianual, para as especies fora dos límites biolóxicos de seguridade, fixando medidas, prazos e obxectivos para garantir arecuperación das poboacións; a regulación directa do esforzo de pesca adecuando a capacidade de pesca ou o tempo de actividade; ademais do establecemento de vedas temporais ou zonais para determinadas especies, así como dos fondos autorizados."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:57:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:57:24
Nº Rexistro: 9862
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/08/2024 10:43:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2024 10:43:49
Nº Rexistro: 9574
Data envío: 23/08/2024 10:43:49,984

CSV: B6P5T8B9G1Q5Z7#XITEM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5621**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto para dotar con carácter definitivo as prazas de xinecoloxía dos dous centros de orientación familiar da Coruña"**, (publicada no BOPG número 40, fascículo 2, do 19 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No que respecta a xestión do Servizo Galego de Saúde no Centro de Orientación Familiar de Orillamar, cómpre salientar que:

- Tódalas prazas de persoal sanitario do Sergas están actualmente cubertas con persoal estatutario. Sendo esta dotación de dúas facultativos especialista en xinecoloxía e dúas enfermeiras especialisas en xinecoloxía e obstetricia (matronas) e unha TCAE.

- A cobertura das dúas axendas diarias de xinecoloxía vense facendo por parte dun grupo de profesionáís, de 6 especialistas, que se integran no Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia da Área Sanitaria de A Coruña. Isto permite dotar de continuidade asistencial ás prestacións que se realizan no COF pero que en moitas ocasións requiren da colaboración co ámbito hospitalario (IVEs cirúrxicos, urxencias...). Ademais, dota de estabilidade na cobertura da oferta asistencial.

- O Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia da Área Sanitaria de A Coruña conta con 40 facultativos especialistas, sendo na actualidade 34 deles persoal estatutario fixo e 6 deles persoal interino.

- A actividade programada de consulta vense realizando en horario de mañán, non habendo por parte do Sergas nin da Xerencia da Área Sanitaria limitación algunha a ofertar actividade de tarde, sempre que o equipo asistencial considere necesaria esta actividade na súa organización interna e o centro permaneza aberto e coa dotación soporte administrativo necesaria para o seu funcionamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:06:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:06:48
Nº Rexistro: 9683
Data envío: 26/08/2024 11:06:48,895

CSV: B6P5TRB9UaZmYxH5M-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

CSV: BEKISTREGGQ7KYJ088FEA-6
Verificación: CVE-PREPAR: 5ff89f44-dec1-ec67-2cc8-6206ff698998
<https://sede.parlamentodecalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/08/2024 17:26:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9625
Data envío: 23/08/2024 17:26:54.175

CSV: B6P5T8B9G3GUKYQ08E9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5748** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o financiamento das escolas infantís municipais dos concellos da Costa da Morte non incorporadas aínda á rede pública autonómica, a previsión dunha oferta adecuada de prazas nas de Muxía e Zas e a eventual creación dunha escola en Dumbría"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten posto en marcha o programa de gratuidade nas escolas infantís 0-3, o que supón un esforzo financeiro moi importante dado que neste ano 2024 destínanse a este programa arredor de 60 millóns de euros, a través dunha dotación orzamentaria de fondos propios da Comunidade Autónoma sen recibir financiamento do Goberno central.

Desde a Xunta de Galicia refórzase a aposta estratéxica por facilitar o acceso das familias ao primeiro ciclo de Educación Infantil, algo que está a ser moi ben recibido polas propias familias. Precisamente, grazas a este programa, Galicia é a comunidade de referencia en escolarización 0-3 en España, tal como vén de recoñecer o Goberno central nas súas últimas estatísticas.

Os datos oficiais confirman esa posición de liderado de Galicia: as ratios de escolarización na Comunidade Autónoma son actualmente 12 puntos mellores que a media española.

Isto demostra que o número de prazas financiadas con fondos públicos a disposición das familias galegas é elevado en comparación coa media española e o resto de comunidades autónomas.

Por esta razón, desde Galicia seguimos a reclamar que o Goberno central achegue financiamento ás comunidades autónomas para establecer esta gratuidade, que no caso de Galicia está a disposición de máis de 32.000 familias.

Ademais, como xa temos insistido en diversas ocasións tamén en sede parlamentaria, trátase dun esforzo compartido nas escolas municipais cos concellos, titulares destes centros. Sobre esta cuestión, o plantexamento da Xunta é que ningún concello saia perdendo coa gratuidade, porque o que se paga aos concellos é exactamente o mesmo que terían que pagar as familias segundo a súa renda en función do decreto de prezos públicos da Xunta.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta de Galicia neste ano 2024 destina 8,5 millóns de euros ao financiamento das escolas infantís 0-3 de titularidade municipal. Non obstante, e tal como se lle trasladado en diversas ocasións desde a Consellería de Política Social e Igualdade á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), no caso de que o Goberno central destine financiamento ás comunidades autónomas para financiar a rede de prazas 0-3 xa existente, a Xunta de Galicia aumentará o financiamento destinado aos concellos con escola infantil municipal.

Pero a realidade é que, no momento de elaboración desta resposta parlamentaria, o Goberno presidido por Pedro Sánchez destina 0 euros ao mantemento das escolas infantís que xa están en funcionamento en Galicia.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten posto a disposición dos concellos unha liña de subvencións -a través de fondos europeos- para a creación de prazas 0-3 en escolas de titularidade municipal, atendendo á petición dos propios concellos.

Non consta que os concellos que xestionan escolas infantís 0-3 teñan solicitado esta subvención, mais está previsto a reapertura do prazo de solicitude nas vindeiras semanas e polo tanto teñen oportunidade de solicitar unha ampliación das prazas nas súas escolas se o consideran oportuno, como si teñen feito outros concellos da provincia de A Coruña."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/08/2024 17:26:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 9623
Data envío: 23/08/2024 17:26:40.831

CSV: B6PISJTB933DzayPK\$EM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5753**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a cobertura da atención pediátrica no Centro de Saúde de Fornelos de Montes a as medidas que prevé a Xunta de Galicia para mellorar a súa axilidade na prestación da asistencia médica en xeral"**, (publicada no BOPG número 40, fascículo 2, do 19 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Non se deixou de prestar asistencia pediátrica aos nenos de Fornelos de Montes senón que se centralizou o servizo de pediatría en Redondela debido a unha adecuación por motivos de saúde emitida pola unidade de prevención de riscos laborais. No centro de saúde de Redondela prestase asistencia pediátrica todos os días da semana, e a atención ás urxencias está garantida no centro de saúde de Fornelos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
26/08/2024 11:04:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:04:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:04:29
Nº Rexistro: 9681
Data envío: 26/08/2024 11:04:29.630

CSV: B6P5TRBGF-QZGjyP3d4E1V-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5801**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que prevé impulsar a Consellería de Sanidade co fin de reducir as listas de espera en consultas e probas diagnósticas na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos"**, (publicada no BOPG número 43, fascículo 2, do 26 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os resultados de actividade e demora acadados a finais do ano pasado na Área Sanitaria de Lugo, Monforte de Lemos e A Mariña amosan o gran esforzo que se realizou durante todo o ano, cumprindo co obxectivo de atender aos pacientes no menor tempo posible, especialmente, aos que agardan unha cirurxía considerada de prioridade 1 e incrementado de xeito moi importante a actividade asistencial en practicamente todas as áreas dos hospitais e nos centros de Atención Primaria.

Os datos da actividade asistencial e tempos medios de agarda referidos ao mes de decembro do ano pasado, reflicten que a lista de espera cirúrxica reduciuse na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte respecto ao mesmo período do ano anterior, de maneira que os pacientes desta provincia son os que menos agardan de Galicia para seren sometidos a unha intervención cirúrxica, cunha media de 50 días para o conxunto da provincia (8 días menos que no ano 2022).

Nos casos dos distritos sanitarios de A Mariña e Monforte de Lemos a espera media para unha operación é menor aínda que no conxunto da área, pois no Hospital Público da Mariña opérase nunha media de 46 días e no Hospital de Monforte un paciente pasa ao quirófano nunha media de 41 días. No HULA a espera media para unha intervención é de 52 días. A área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte rebaixa substancialmente a espera media galega para unha intervención cirúrxica.

No que atinxe ás prioridades, a lista de espera cirúrxica de pacientes en prioridade 1, aqueles con patoloxías tempo-dependentes, a espera media sitúase na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos en 23,5 días. Estas esperas cirúrxicas dos pacientes máis graves son aínda moito menores no Hospital Público da Mariña, onde estes pacientes tan só tardan unha media de 8 días en pasar polo quirófano, e no Hospital Público de Monforte, onde a espera dos pacientes de prioridade I é de 11 días para ser intervidos.

A atención no menor tempo posible aos pacientes máis graves segue a ser un dos obxectivos na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, que ten establecidas vías rápidas de atención e derivación (como o programa Hermes) e procesos especiais que garanten unha espera mínima, a necesaria para realizar as probas pertinentes, establecer un diagnóstico e as indicacións terapéuticas oportunas e programar a cirurxía."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
26/08/2024 11:03:55



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:03:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:58
Nº Rexistro: 9677
Data envío: 26/08/2024 11:03:58,677

CSV: BGRSTB93ZQ7K99B1E1-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5869**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**a cobertura das prazas de profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Doiras e a permanencia deste centro do concello de Cervantes**", (publicada no BOPG número 43, fascículo 2, do 26 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Conselleiro de Sanidade xa respondeu a esta pregunta no Pleno do Parlamento de Galicia o día 26 de xuño.

Ligazón da súa intervención na web do Parlamento:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/18KsCjNimQcb9l5MERUeFDQMuUma5VDEjL7anqwE5pW6syBB> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:51
Nº Rexistro: 9676
Data envío: 26/08/2024 11:03:51.818

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:03:51

CSV: BGRSTBDB3aX7yW8VE8-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**a planificación da sanidade pública primaria en época estival**", (publicada no BOPG número 40, fascículo 2, do 19 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade aprobou a planificación de medidas ordinarias e extraordinarias, en diálogo constante coas 7 áreas sanitarias, dirixidas a garantir unha asistencia sanitaria de calidade aos galegos durante o período estival.

Este Plan, orzamentado en 12,5 millóns de euros contempla un reforzo das medidas ordinarias de organización, algo que se fai cada ano para cubrir o necesario descanso dos profesionais, e o establecemento de catro medidas extraordinarias, para garantir a capilaridade da asistencia sanitaria de todo o territorio, especialmente naquelas zonas que precisan reforzo.

1. PROGRAMA EXTRAORDINARIO PARA OS PAC Consiste no establecemento dunha bolsa de persoal voluntario dispoñible en réxime de localización, para reforzar a cobertura destes dispositivos de atención continuada. Este persoal poderá ser chamado para atender entre 3 e 7 días ó mes as quendas de PAC que necesiten completar cobertura.

2. UN PROGRAMA ESPECIAL DE APOIO Á ATENCIÓN PRIMARIA POR PARTE DO PERSOAL DO 061 Os médicos do 061 poderán participar voluntariamente no programa extraordinario para a cobertura de necesidades nos PAC, aínda que o profesional non participe nas listas anteriormente mencionadas.

3. OFERTA DE MOBILIDADE TEMPORAL E VOLUNTARIA A CENTROS QUE PRECISEN REFORZOS PRIORITARIOS OU TEÑAN ESPECIAIS NECESIDADES DE COBERTURA Ofrecerase ó persoal a opción de prestar servizos temporalmente nun centro de saúde distinto ó do seu destino, por precisar aquel un reforzo prioritario ou ter especiais necesidades de cobertura. Por exemplo, concellos con sobrecarga de poboación no verán. Esta medida tamén estará dispoñible para o persoal doutras comunidades que acepten prestar servizos nos ditos centros.

4. ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Ó PERSOAL RESIDENTE NO SEU CUARTO ANO DE FORMACIÓN As áreas sanitarias poderán encomendar ó persoal residente en formación de medicina de familia e pediatría, que se atopen nos últimos catro meses do período formativo, o desempeño de funcións que son desenvolvidas ordinariamente polo persoal especialista.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
26/08/2024 11:03:40





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:43
Nº Rexistro: 9675
Data envío: 26/08/2024 11:03:43,912

Con este Plan son 106 os MIR de último ano e 350 os médicos de Atención Primaria que están colaborando. Grazas a isto a asistencia está garantida a pesar de que o Goberno de España non fixo nada para facilitar que haxa médicos.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B6P5J8B9G7U7C7W7X7Y7Z7
Verificación: CVE-PPRAR: 02f01431-c7b4-1a57-00a2-639703244d36
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:03:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:43
Nº Rexistro: 9675
Data envío: 26/08/2024 11:03:43,912

CSV: B6P5T8D9GZU7CJH4XQEW6G
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5935**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os resultados acadados nestes dous últimos anos coa inclusión de pacientes psiquiátricos nas residencias de maiores e as características do novo modelo que quere pór en marcha a Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A normativa vixente contempla o ingreso de persoas con patoloxías crónicas nunha residencia, e que se realiza compaxinando a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios.

Os casos de persoas menores de 65 anos que ingresan nunha residencia de maiores responden, fundamentalmente, a situacións de emerxencia social.

A normativa vixente contempla o ingreso destas persoas nunha residencia, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

Cada ingreso en residencia vén ditaminado por un equipo de valoración multidisciplinar que decide, atendendo á normativa vixente, cal é o recurso idóneo para cada persoa.

En todo caso, estes ingresos realízanse compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

O novo modelo de residencias de Galicia inclúe a creación de unidades psicoxeriátricas especializadas tendo en conta os cambios que acontecen no envellecemento e a forma de presentación das diferentes patoloxías.

Cómpre desestigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental se queremos apostar por unha verdadeira atención integral e integrada.

A Xunta, ante unha cuestión tan común nos nosos días, avoga pola atención, a concienciación e a sensibilización e sobre todo pola inclusión. A carteira de servizos para a atención á dependencia inclúe programas específicos para a atención psicosocial.."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:18:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:18:55
Nº Rexistro: 9770
Data envío: 26/08/2024 11:18:55.026

CSV: B6P5T8D3-6T9G7XME8-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6036**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**a realización de actuacións pola Xunta de Galicia e a coordinación co Goberno central fronte á situación que atravesan as mariscadoras e mariscadores da ría do Burgo, derivada da finalización das obras de dragaxe**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de xuño de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2935

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTc2OTIyYWUtOGMxOC00ZDU4LWI1ZmEtYzA3Yzg3N2I1MjIw&start=1825>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as actuacións que prevé desenvolver a Consellería do Mar relativas á recuperación marisqueira da ría do Burgo e as axudas para as mariscadoras e os mariscadores nos períodos de inactividade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:54:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:54:17
Nº Rexistro: 9843
Data envío: 27/08/2024 11:54:17.334

CSV: B6P5T8DZ6jVYRXTBVI-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6040**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**a cobertura de prazas no Centro de Saúde de Castro de Rei, en Lugo, e o criterio da Xunta de Galicia respecto da súa continuidade**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Así, como nos anteriores veráns, e debido á falta de profesionais, a reorganización conleva en ocasións concentrar determinados servizos de asistencia nun centro de referencia para garantir a cobertura de máis pacientes nun horario máis amplo. A reorganización é a mínima posible e en ocasións consiste en centralizar só un servizo (por exemplo pediatría), ou facelo só durante as quendas de tarde. A concentración da asistencia é puntual, provisional, motivada pola falta de médicos e xustificada por razóns de eficiencia. A Xunta reorganiza a asistencia en función das circunstancias particulares de cada zona e dos reforzos que poida haber por parte de profesionais, que ao ser voluntarios, pódense ir incorporando progresivamente. En todo caso, como dicimos, tentárase que sexa a menor posible e para iso cóntase coa implicación dos profesionais, que fan gardas, prolongacións de xornada, etc. Así mesmo, hai que destacar que a totalidade dos Puntos de Atención Continuada (PAC) van seguir funcionando durante o verán e, no caso de que haxa algunha emerxencia, tamén contamos co 061, e os servizos de urxencias dos hospitais de cabeceira e comarcais. Polo tanto, a situación é similar á dos veráns anteriores desde que o Sistema Nacional de Saúde vén padecendo a falta de médicos, e a planificación da Xunta garante que toda a poboación terá unha asistencia sanitaria de calidade. Todo isto malia o déficit de profesionais, xeneralizado en toda España, e ante o que o Ministerio, que é quen ten a competencia, non adopta medidas para palialo.

Nota de prensa:

<https://saladecomunicacion.sergas.gal/Paginas/DetalleNova.aspx?idNova=14817>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:03:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:28
Nº Rexistro: 9673
Data envío: 26/08/2024 11:03:28,943

CSV: B0P5TRB03nQTLy08&tx=6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6153**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do hospital de día oncolóxico do complexo hospitalario Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e as previsións que ten o Goberno galego respecto dunha posible mellora en recursos humanos e instalacións"**, (publicada no BOPG número 43, fascículo 2, do 26 de xuño de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade está a impulsar unha ampliación e mellora do hospital de día do Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro para aumentar a capacidade e optimizar a asistencia aos pacientes.

O Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro vén rexistrando desde hai tempo un progresivo incremento do uso do hospital de día, derivado do aumento da poboación maior e dos avances asistenciais que permiten aplicar tratamentos sen necesidade de ingreso en planta dos pacientes.

En paralelo a esta licitación, desde a dirección do hospital impulsouse un novo esquema de funcionamento que se está a implementar nas últimas semanas co fin de evitar as molestias aos pacientes e optimizar o funcionamento do sistema.

Hai que ter en conta que, debido á extensión da área sanitaria, para evitar máis desprazamentos dos necesarios, os pacientes oncolóxicos recibían o tratamento mediante un acto único. Dese xeito, nunha única visita ao centro hospitalario realizábanse as análíticas e, se o médico o informaba favorablemente, procedíase a aplicar o tratamento.

Debido ao progresivo incremento de pacientes do hospital de día, en ocasións foi necesario retrasar un día a aplicación do tratamento aos pacientes oncolóxicos.

Para mellorar o funcionamento do Hospital, estase a poñer en marcha un novo sistema que lles permite aos pacientes oncolóxicos realizar as análises nos seus centros de saúde, de forma que cando se despracen ao hospital poidan xa acceder directamente á aplicación do tratamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:03:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:16
Nº Rexistro: 9671
Data envío: 26/08/2024 11:03:16.615

CSV: BGRISIRBQ3E73yXREBQ-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6199**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a aparición da alga asiática no litoral galego e as accións a desenvolver pola Xunta de Galicia para diminuír o seu impacto no sector pesqueiro e nos municipios turísticos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"No mes de xuño recibíronse na Consellería do Mar dúas comunicacións dunha investigadora da Universidade de Santiago de Compostela, acerca da constatación por primeira vez en Galicia da presenza da alga exótica invasora *Rugulopteryx okamurae* (en San Amaro, na provincia da Coruña, e Monteferro e praia América, na de Pontevedra (localizacións ambas as situadas fóra da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Protexidos).

Dado que na nosa Comunidade Autónoma o punto focal da Rede de Alerta de especies exóticas Invasoras é a Consellería de Medio Ambiente, o 25 de xuño, despois de contrastar a información recibida, realizouse a pertinente comunicación.

Consecuentemente, o 27 de xuño trasladouse desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a información correspondente a estes novos achados.

Desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural trasládannos que na reunión do 4 de xullo do Grupo de Traballo sobre o alga mariña invasora *Rugulopteryx okamurae*, lembrouse que está vixente a Estratexia de Control deste alga.

A estratexia detalla a repartición das principais competencias no relativo á prevención, seguimento e control da expansión desta especie, así como da xestión das consecuencias da mesma en distintos ámbitos e indícase que a recollida de material de arribazón depositado no litoral deberá ser responsabilidade da correspondente administración competente en base á lexislación vixente

O 2 de agosto as Consellerías de Mar e Medio Ambiente mantiveron unha xuntanza para abordar este tema e dado que hai múltiples autoridades e sectores afectados, a parte da toma doutras medidas iniciais, creeron preciso a constitución dun Grupo de traballo Interdepartamental para iniciar os traballos necesarios para a elaboración do Plan de xestión da biomasa na que participen todas as administracións competentes e outros actores implicados."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:53:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:53:50
Nº Rexistro: 9839
Data envío: 27/08/2024 11:53:50,475

CSV: BGRSTB93-073yR24EM-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6349**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o criterio que o Goberno galego ten con relación á inclusión do peixe e do marisco como produtos de primeira necesidade, coa conseguinte redución do seu IVE e, por tanto, coas vantaxes que isto supón para o sector pesqueiro e para a cidadanía"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O complexo mar-industria é vítima da falta de sensibilidade do Goberno de coalición en España, que continúa a vetar ao sector primario da posibilidade de beneficiarse das rebaixas do IVE (imposto sobre o valor engadido) o que supón persistir nunha discriminación en relación con outros produtos de alimentación.

Desde Galicia vimos insistindo na reclamación dunha reforma fiscal que favoreza a este sector estratéxico, xa que contribuíría a ampliar a demanda interna de peixes e conservas, co consecuente beneficio para a saúde dos consumidores e impacto positivo na economía en xeral da nosa Comunidade e dos sectores profesionais vinculados ao mundo do mar.

O informe elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais "Efectos económicos e distributivos da redución do IVE no sector pesqueiro" presentado en novembro de 2023, confirma que unha rebaixa do 10 ao 5% (á metade) do IVE dos produtos do mar impulsaría o consumo, contribuíría a crear máis de 5.500 empregos e xeraría unha riqueza (valor engadido bruto) de 30 millóns de euros.

Consideramos que marxinar os produtos do mar é unha medida totalmente discriminatoria. Carece de sentido manter inalterado o IVE cando si baixaron noutros alimentos como o aceite ou a pasta, pois supón unha desvantaxe competitiva e un prexuízo directo.

Trátase dunha medida que apoian tamén o Parlamento Europeo e a Comisión Europea e que tanto a Xunta de Galicia como as principais organizacións de representación do sector veñen tempo pedindo ao Goberno central, ata o momento sen éxito."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:53:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:53:36
Nº Rexistro: 9837
Data envío: 27/08/2024 11:53:36,178

CSV: B6PISIBD3FpRtKyR6VMEU6-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6457**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a dotación sanitaria, en recursos humanos e técnicos, do Centro de Saúde de Arcade, en Soutomaior, así como sobre as previsións respecto do financiamento do novo centro de saúde deste concello"**, (publicada no BOPG número 49, fascículo 2, do 10 de xullo de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"En marzo do ano 2022 o alcalde de Soutomaior asinou un convenio coa Xunta de Galicia para comezar o proceso de ter un novo centro de saúde na vila, tal e como se atopa proxectado no Plan de Infraestruturas de Galicia en fase 0 (a de máxima prioridade). En dito convenio, o concello comprometeuse á cesión dunha parcela ao Servizo Galego de Saúde.

Pero tras a chegada á alcaldía do novo rexedor nacionalista, non houbo avances. Está pendente por parte do Concello ceder á Xunta os terreos necesarios para construír o novo centro, tal e como fixeron outros concellos en situación similar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2024 11:03:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2024 11:03:03
Nº Rexistro: 9669
Data envío: 26/08/2024 11:03:03,146

CSV: BGRSTB9GSG7ZjPAK0EW-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-Q77yPX1EM-6

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

